



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE

### XULLO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezoito de xullo de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta de constitución de data 30 de xuño de 2011.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión de constitución da Xunta de Goberno Local de data 30 de xuño de 2011 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

#### 2º.- Correspondencia.

- Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cambre para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dous vehículos motobomba, asinado o día 28 de xuño de 2011, cunha achega única de 16.747,50 euros.

- Escrito da Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 8 de xullo de 2011 co número 11.992, no que comunica que se concede a subvención que a seguir se relaciona e polo importe que igualmente se sinala, para programas de desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre

mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero, segundo a convocatoria publicada no BOP número 242, con data 22/12/2010:

- servizo de axuda no fogar, 38.654,77 euros.

- Escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada con data do día 12 de xullo co número 12.124, no que comunica o calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia e, así mesmo, solicita as datas concretas dos dous festivos locais neste termo municipal.

-Escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Mobilidade, rexistrado de entrada con data do día 13 de xullo de 2011 co número 12.166, no que comunica que se poderá examinar a documentación e presentar as alegacións oportunas respecto da solicitude de Arriva Noroeste, S.L., de modificación de tráfico e reestruturación na explotación da concesión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada V-7068; XG-442, A Coruña-Ferrol-Ortigueira-Viveiro-Lugo.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa sobre a tramitación dos expedientes de contratación:

1.- Están pendentes de informe:

- acondicionamento de camiños municipais en Cecebre e outros. Don Manuel Marante Gómez manifesta que falará coa enxeñeira de obras públicas
- limpeza e roza de camiños
- renovación e firme en Armental e outros

2.- Respecto do expediente de contratación das orquestras das festas do mes de agosto, está pendente de presentar a documentación pola empresa.

3. – Respecto da proposta de contratación do programa mañanceiro, está a proposta por tres anos, pero tendo en conta o que o partido levaba no programa electoral, o van a contratar por un ano.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

4- Adecuación da praza da Barcala e parque infantil de Bribes. Don Felipe Andreu Barallobre comenta que hai un prazo para xustificación, cunha subvención da Xunta de Galicia e o Feder, prazo que vence o día 30 de setembro de 2011, hai que contactar coa Xunta.

5.- Respecto do proxecto de centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública 2010, hai un informe negativo da arquitecta municipal, polo que parou o expediente.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa aos presentes que é urxente a contratación do servizo de auga e rede de sumidoiros. Don Felipe Andreu Barallobre contesta que lle deberá pasar as prescricións técnicas para iniciar o expediente de contratación.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Don María Jesús González Roel informa que están a facer unha revisión en todos os colexios para facer as reparacións no verán. Contrataron uns arquitectos externos, porque o proxecto que había asinábao Víctor Mallo, quen non tiña o poder para facelo. Son dúas obras incluídas no orzamento e son arquitectos de Cambre.

Están facendo un lavado de cara aos colexios coa nova brigada contratada polo departamento de Deportes. Don Felipe Andreu Barallobre lembra que a brigada é para as obras relacionadas coas instalacións deportivas. Dona María Jesús González Roel contesta que están a facer reparacións nas pistas dos colexios destinadas a este fin.

Dona María Jesús González Roel comenta que solicitará a unha empresa que valore e busque unha solución, pois nos colexios a herba está pisada, non hai nada máis que terrea, e os rapaces rematan cheos de barro no inverno.

Tamén informa dona María Jesús González Roel que está pendente que no IES Alfonso X da Barcala se instale a "banda ancha", parece que faltaba que o Concello concedese a licenza a R.

Dona Rocio Vila Díaz pregunta respecto do problema de goteiras nas aulas do colexio de Cambre. Dona María Jesús González Roel contéstalle que xa falou coa consellería para que o amañaran. Engade que está aprobada unha ampliación do colexio Wenceslao Fernández

Flórez. Así mesmo, di que falará coa enxeñeira de obras públicas porque a limpeza nos colexios e nos patios é moi deficiente. Haberá que ampliar o contrato.

Faise constar que, cando son as dez horas e vintecinco minutos, o señor alcalde informa que deben suspender durante uns minutos a sesión, porque debe ter lugar ás dez trinta horas unha mesa de contratación que xa estaba convocada dende hai unha semana. Segundo remate, continuarán coa sesión da Xunta de Goberno Local.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que ten citados a uns veciños, polo que non sabe se poderá incorporarse á citada sesión.

Sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, reúnense de novo os membros que compoñen a Xunta de Goberno Local, coa excepción de don Manuel Marante Gómez.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que hai que buscar unha solución ao tema das auxiliares de bibliotecas.

Don Santiago Manuel Rios Rama informa respecto dos patrocinios para as festas, que ata agora o que se viña facendo é unha chamada telefónica ás persoas e entidades que colaboraron para saber se o queren seguir facendo. Dona Marta Maria Vázque Golpe considera que non se debería facer. Malia o anterior, o señor alcalde estima que este ano se debe seguir o mesmo criterio e para o seguinte ano xa se estudará.

Informa, igualmente, que solicitaron permiso para rodar aquí unha película do director José Luis Cuerda sobre unha novela de Manuel Rivas.

Para rematar, informa que o vindeiro sábado terá lugar a xuntanza mariñana, se reúnen oito grupos de baile galego. A anfitrioa é "As Mariñas". O acto comeza as 5 da tarde, e quedan invitados ao citado acto.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa respecto do proxecto de Villa Concepción. Xa ten o informe de cómo está, o ten a arquitecta. Así mesmo, di que hai que examinar, entre todos os traballos do plan xeral, para ter unha xuntanza canto antes.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Respecto da gasoleira, dona Rocio Vila Díaz comenta que ten todos os informes favorables, e que se lle concedeu a licenza na pasada lexislatura.

Dona Maria Jesús González Roel cre que se debería reunir aos veciños para explicar o tema.

O señor alcalde di que se vai reunir co solicitante da gasoleira.

Igualmente, informa que está pendente de falar con Augas de Galicia para que limpen as marxes do río Mero, xa que nalgúns sitios está intransitable. O alcalde di que a ver se se consegue que o limpen este ano e logo se verá a modificación do convenio.

Finalmente, dona Rocio Vila Díaz informa que pediu ao xefe da área de Urbanismo que prepare a ordenanza de actividades.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe comenta que falou co representante dos vendedores ambulantes e queren que se lles ceda o uso da parcela onde se vai construír o centro de saúde do Temple para todos os venres de 9 a 14 horas, pagando as taxas correspondentes.

A secretaria fai constar que non hai ordenanza reguladora da venda ambulante nin regulación das correspondentes tarifas fiscais.

Don Felipe Andreu Barallobre comenta que o van a avaliar.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe comenta que citará aos representantes para a vindeira semana para estudar o tema.

Para finalizar, dona Marta Maria Vázquez Golpe manifesta que é necesario, de xeito urxente, contar cun censo actualizado de empresas, dado que non ten coñecemento do número de empresas que hai en Cambre dende o ano 2008.

#### Informes do concelleiro delegada da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que hai unha ordenanza fiscal do ano 2004 que regula as tarifas que se cobra a todo o mundo polas actividades deportivas, agás aos clubs de fútbol. Ao parecer, había un acordo verbal co alcalde en canto a que non se lles cobraba polo uso das instalacións municipais, e tamén había outro acordo verbal cos clubs para utilización

preferente dos campos de fútbol. Isto está a causar problemas de coordinación con outros clubs que solicitaron o uso.

Antes de concluír, don Santiago Manuel Rios Rama di que hai que estudar que se fai coa escola de música. O señor alcalde comenta que terá unha reunión coa presidenta de Sementeira no mes de setembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  


Manuel Rivas Caridad

A secretaria  


Marta Luisa de la Red Ampudia